

Xesús entregou o seu Corpo e o seu Sangue para a nosa salvación.



polo gran regalo da Eucaristía!



Celebramos os acontecementos importantes



- Os amigos e as familias reúnen-se para celebrar cunha comida ou unha cea algúns feitos importantes da vida:
unha voda, un aniversario, un bautizo, as festas do pobo...



Responde a estas preguntas:

- ¿Que acontecementos se celebran na túa familia? ¿O aniversario do nacemento? ¿O santo? ¿Algunha festa durante o ano? ¿Un acontecemento familiar?
- ¿Como se celebran? ¿Que adoita facer a túa familia para celebrar estes acontecementos?

- Tamén se reunía o pobo de Israel unha vez cada ano para cear xuntos en familia:



Lemos o primeiro parágrafo do Catecismo na páxina 62 e contestamos a estas preguntas:

- ¿Cando se reúne a familia xudía para cear xuntos?
- ¿Que pregunta o neno pequeno?
- ¿Que lle contesta o pai?



[Empty rectangular box]



[Empty rectangular box]

O pobo recibe a Xesús con alegría e con cánticos de loanza.



¡Bendito o que vén no nome do Señor!

[Empty rectangular box]

Antes de cear, para darlles exemplo de humildade e servizo, lávalles os pés.

Deivos exemplo para que o que fixen convosco, vós tamén o fagades.



[Empty rectangular box]



Tomade, isto é o meu Corpo...
Tomade, este é o meu Sangue...

[Dashed rectangular box]



Pon Verdadeiro ou Falso segundo corresponda.

	V	F
Xesús foi a Xerusalén para visitar a familia do seu pai.		
A xente de Xerusalén recibiu a Xesús con cantos e ramos de oliveiras.		
Durante a cea, Xesús lavou os pés aos seus discípulos para ensinarnos a importancia do servizo aos demais.		
Xesús tomou pan e auga para dicirnos que ía entregar o seu Corpo e o seu Sangue.		
Xesús na Última Cea deixounos un gran regalo: a Eucaristía.		



Une as preguntas coas súas respostas correctas.

¿Que nos mandou Xesús na Última Cea?

¿Como lle chamamos os cristiáns á Última Cea?

¿Que día da semana celebran os cristiáns a Última Cea de Xesús?

¿Como se chama a festa dos xudeus que Xesús quixo celebrar antes de morrer?